

## Calendario escolar 2024/2025

**A CIG-Ensino propón non superar os 175 días lectivos e limitar as modificacións de horarios do profesorado.**

**O sindicato propón que, se o 19 de marzo non se declara feriado pola Xunta, sexan tres días os que elixan os consellos escolares, garantindo deste xeito contar cun total de 175 días lectivos.**

### Calendario escolar 2024-2025

|                                                                             |                                                                                                                                                     |
|-----------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Inicio de curso                                                             | <b>11/09</b> para todas as etapas educativas. Nas ensinanzas de Réxime Especial poderá flexibilizarse até o 13 de setembro por causas excepcionais. |
| Remate de curso                                                             | <b>20/06:</b> EI, EP, ESO, BAC, FP. <b>27/06:</b> RÉXIME ESPECIAL                                                                                   |
| Nadal                                                                       | Do <b>23/12</b> ao <b>7/01</b> , ambos incluídos                                                                                                    |
| Entroido                                                                    | <b>3, 4 e 5 de marzo</b>                                                                                                                            |
| Semana Santa                                                                | Do <b>14</b> ao <b>21 de abril</b> , ambos incluídos                                                                                                |
| Día do Ensino                                                               | <b>31 de outubro</b>                                                                                                                                |
| Avaliación inicial                                                          | Até o <b>18 de outubro</b>                                                                                                                          |
| Entrega das programacións                                                   | Antes do <b>11 de setembro</b> á xefatura de estudos e antes do <b>20 de setembro</b> á inspección.                                                 |
| Avaliación final ordinaria de 1ºBAC                                         | A partir do <b>9 de xuño</b>                                                                                                                        |
| Avaliación final de módulos de 1ºFPB                                        |                                                                                                                                                     |
| Avaliación final da EI, da EP, da ESO, de 2º FPB e dos demais ciclos de FP. | A partir do <b>20 de xuño</b>                                                                                                                       |
| Avaliación final extraordinaria de BAC 1 e de 1ºFPB                         |                                                                                                                                                     |

**Galiza, por riba da media de días e horas anuais lectivas da UE: non debemos superar os 175 días que fixa a Lei**

**A** CIG-Ensino reiterou nesta reunión que a cifra de 175 días lectivos á que obriga a LOMLOE debe ser o tope. Coa proposta da Consellaría mantemos os

176 destes últimos anos, consolidando unha sobrecarga de horas e días lectivos tanto para alumnado como para docentes, por riba en ambos casos da medida europea.

A falta de coñecer os días feriados que decretará a Xunta e, tendo en conta que o 17 de maio cadra en sábado a CIG-Ensino fixo a seguinte proposta para

este curso, con vontade de que sexa unha decisión que se incorpore de aquí en diante.

#### CRITERIOS PARA FIXAR OS DÍAS LECTIVOS DO CALENDARIO ESCOLAR

1. O calendario escolar confeccionarase cun total de 175 días lectivos.
2. A normativa anual recollerá a posibilidade dun terceiro día non lectivo a escoller polos consellos escolares ou sociais dos centros nos casos de que unha festa laboral autonómica coincida en día non lectivo ou o reparto dos días supere a cifra de 175.

### Ensinanzas de FP e réxime especial: a CIG-Ensino propón adaptar o calendario ás necesidades destas ensinanzas

**T**endo en conta as características propias destas ensinanzas, a CIG-Ensino considera que se debe adaptar o calendario ás súas propias realidades. **O cambio proposto pola Consellaría de flexibilizar o comezo do curso até o 13 de setembro** é insuficiente e debe ampliarse até o luns 16 como mínimo e non só para Réxime Especial senón tamén para FP.

Entendemos que se deben ter en conta estes criterios:

- Na FP atrasar o comezo de curso para non superar o total de horas por módulo e ciclo que fixa cada currículo, xa que coa proposta hai máis horas das que realmente se rexistran polo título.
- As diferentes duracións das sesións entre os IES (50 minutos) e os CIFP (60 minutos), aínda o complica máis. Entendemos que a mellor opción é a que sempre defendemos, igualando as sesións a 50 minutos ou ben, fixando o cómputo anual de horas lectivas coa redución correspondente semanal.
- Xa amosamos nos dous cursos pasados a nosa queixa polo feito de que na FP dual poida existir formación nas empresas no mes de agosto, o que leva a unha avaliación extraordinaria no mes de setembro. A Consellaría debe ter en conta dúas cuestións:

- O mes de agosto é un mes de vacacións a todos os efectos e ningún docente pode verse obrigado a estar pendente desa formación en empresas.
- Debe preverse que un docente que era titor de alumnado que se forma no verán pode cambiar de destino no mes de setembro.
- Nas ensinanzas artísticas superiores hai que ter en conta a incidencia das probas extraordinarias de acceso en setembro se quedaron prazas libres así como a presentación e avaliación de TFE do alumnado que superou todas as materias en xullo. O profesorado non pode estar simultaneamente facendo ese traballo e as programacións e traballos necesarios de coordinación de comezos de curso. Por outro lado hai que ter en conta que naquelas ensinanzas con ratios individuais e de moi reducido número, a variación de matrícula provoca ter que modificar horarios do profesorado unha vez comezado o curso.

### Menos rixidez burocrática e máis flexibilidade nas programacións

**E** moi preocupante que o único importante para unha administración educativa sexa a aparencia e a formalidade de rexistrar programacións que despois todos sabemos que deben ser adaptadas á realidade que se dá durante o curso escolar. As programacións non deberían manter a rixidez burocrática actual e tender a perfilar cuestións básicas que se presentan a comezos de curso e que se van actualizando segundo avanza o curso en función da propia realidade das aulas.

[A directora xeral só indica que existirá flexibilidade nas datas de entrega das programacións.](#)

### Período de adaptación en Infantil

**O** período de adaptación non pode ser de 3 días como figura no borrador. Consideramos que a incorporación gradual do alumnado aos centros educativos é unha necesidade do alumnado na educación infantil e reduci-lo ou ampli-lo debe corresponderlle, en función do propio alumnado, ás mestras e mestres.

En ningún caso se pode aceptar que a escolarización se vexa condicionada polas necesidades familiares: a escola educa, non custodia.

Mantemos, como así fixemos nestes últimos anos, que o período se amplíe -se así o considera a equipa docente- a como estaba con anterioridade. O que resultaría insultante para o profesorado é que a data fose previa ao **venres 20 de setembro**.

## **Contra o acordo sindical que eliminou a xornada reducida en xuño e setembro**

**O** horario reducido de 4 horas nos meses de xuño e setembro, eliminado por un acordo dos demais sindicatos coa Consellaría no curso 2008/09, segue prohibido un curso máis, sumando máis hora lectivas na xornada anual. A CIG-Ensino mantén en solitario, desde a parte sindical, a recuperación daquela xornada reducida.

A Consellaría aproveita mesmo o cambio de xornada dalgún centro (de partida a mixta, con dúas tardes) para eliminar a redución que mantiñan. Demandamos que se manteña nestes casos.

## **Os posíbeis cambios de horario do profesorado deben estar regulados, evitando arbitrariedades**

**O**s cambios nos horarios do profesorado unha vez comezado o curso deben estar motivados e recollidos nas ordes respectivas de horarios docentes. Así, a CIG-Ensino considera que:

- O artigo 14 (horario do profesorado) debe ser retirado xa que todo o referente ao horario docente como aos posíbeis cambios nas tarefas debe estar recollido na normativa específica de horarios do profesorado.
- O cambio incorporado na orde do calendario do curso actual, en resposta á demanda da CIG-Ensino (que os cambios de horarios non impliquen cambios de quenda) foi positivo e queremos engadir unha nova proposta: **que nos cambios se teña en conta o criterio de conciliación** para aquel profesorado que xustifique obrigas ou necesidades de atención de fillos ou maiores a cargos. Así, por exemplo: se un docente non tiña clases a primeira hora da mañá para poder deixar a filla na escola ou unha profesora non tiña clase a última hora para recoller a súa nai nun centro de día, non se poidan ver afectados nesas horas polos cambios de horario.

- As funcións e tarefas que se poden desenvolver polos cambios deben coñecerse e non depender da decisión da dirección tal e como aparece nesta orde.

A directora xeral indica que revisarán a nosa proposta de ter en conta o criterio de conciliación para os casos de modificacións de horarios.

## **A CIG-Ensino promove a conmemoración do 10 de marzo, día da clase obreira galega**

**L**ogo da incorporación nos últimos dous cursos do día de Rosalía, en resposta da demanda da CIG-Ensino, e do día das artes galegas, o sindicato reclama que se atenda outra das nosas propostas: o recoñecemento no marco educativo dos sucesos históricos ao redor do ano 1972. Os centros escolares deben ser un elemento central no recoñecemento da nosa memoria, lembrando a loita contra a represión franquista e a loita polos dereitos da clase traballadora galega. Fronte ao negacionismo da ultradereita e o silencio cómplice da dereita é máis necesario que nunca coñecer as datas referenciais que axudan a entender o noso pasado recente e a conformación da sociedade galega actual.

Conmemoramos a expresión literaria, cultural e artística; a conciencia medio ambiental, pacifista e integradora. Fagamos o propio coa conciencia, coa memoria, coa expresión social que representa o 10 de marzo. [A Consellaría non o acepta.](#)

## **As únicas datas que se ocultan: a conmemoración da diversidade afectivo-sexual**

**T**odas as conmemoracións orientativas teñen unha data concreta: un día, unha semana. Todas agás aquelas que gardan relación coa visibilidade e integración da diversidade afectivo sexual. Non ten sentido e levamos anos denunciando a ocultación desas datas no calendario escolar. Demandamos que remate esa vergoña. [A Consellaría non o acepta.](#)

## **O transporte escolar, primeiro. Os horarios escolares son o de menos.**

**C**omo todos os cursos, os centros que combinen o servizo e transporte con outros centros terán

## Non hai flexibilidade para mudar o calendario escolar

Aínda se entende menos a negativa da Consellaría tras admitir a directora xeral que non se poñen problemas a cambios solicitados con menos prazo cando se xustifica por parte da dirección.

[illegible]